



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2012

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores Jesús Manuel Muñoz Cantero, José Manuel Sobrino Heredia, Francisco Alonso Tajés e Carmen Barreiro Daponte.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a realización da sesión, o reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O reitor dá a benvida ás persoas asistentes e, en particular, aos tres representantes do Consello Social no Consello de Goberno: Nona Inés Vilariño Salgado, Fernando Vázquez Martínez, e José Venegas Alonso.

O reitor abre o seu informe dando conta do recente recoñecemento do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol por parte da Xunta de Galicia, como consecuencia da última reunión da Comisión Mixta Universidade-SERGAS.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen informa de que no mes de novembro se publicaron as resolucións das convocatorias de adscrición e ocupación de espazos de grupos de investigación no CICA e na ampliación do CIT.

Con data 5 de decembro de 2012 realizouse unha reunión informativa de cara á convocatoria de proxectos de tipo “*Consolidator Grant*” do European Research Council. En próximas datas farase un estudo sobre os candidatos interesados na convocatoria co obxecto de identificar os candidatos con perfil axeitado á convocatoria e apoialos na formulación das propostas.

Tamén con data do 5 de decembro de 2012 se recibiu un escrito da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia solicitando completar a documentación dalgúns programas de doutoramento. Na maior



parte dos casos trátase dos convenios entre as universidades coorganizadoras. Contactouse con todos os coordinadores para a emenda.

O día 12 de decembro publicouse a lista provisoria de admitidos e excluídos na convocatoria de axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral (antigo programa Ángeles Alvariño) na súa modalidade B, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2012. Está previsto que a comisión de selección se reúna hoxe mesmo para elaborar a proposta de resolución de acordo coas bases da convocatoria. Con respecto á modalidade A, o 23 de novembro publicouse unha modificación da orde de convocatoria que amplía o prazo de solicitude ata o día 24 de decembro de 2012. Na UDC fixouse un prazo interno ata o día 14 de decembro para que a Comisión de Investigación examinase as solicitudes recibidas. As 30 solicitudes recibidas foron informadas favorablemente pola Comisión de Investigación na súa sesión do día 18 de decembro, quedando dúas delas condicionadas á recepción do informe do departamento nos termos solicitados pola Vicerreitoría.

Onte publicouse no DOG a adxudicación das axudas correspondentes á prórroga do programa Isidro Parga Pondal (nova adxudicación do ano 2009). Adxudicáronse prórrogas para os dous únicos candidato solicitantes pola UDC.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informa de que se convocaron pola vía de urxencia dúas prazas (Dereito Administrativo e Psicoloxía Evolutiva) e a contratación dun profesor asociado de Relixión, que figuran como **anexo III**, ao abeiro do Concordato de 1979. Así mesmo, o vicerreitor dá conta do acordo pechado coa Xunta de Galicia para podermos convocar prazas de contratado doutor para Parga Pondal, Ramón e Cajal e axudantes doutores que estean nos dous últimos anos de contrato e conten coa respectiva acreditación. Este acordo plasmarase na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2013, e haberá que concretar durante os meses de xaneiro e febreiro.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa de que desde o anterior Consello de Goberno, de conformidade coa Base 9ª.2 do Orzamento, se imputaron ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe de 12.079,92 € euros nos expedientes V-0016-12 e V-0017-12, e a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno nas súa sesión do 27/11, do 11/12 e do 18/12 validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2012 por importe de 644.252,16 euros nos expedientes C-0010-12, C-0011-12 e C-0012-12.



Informa tamén de que a Consellería de Facenda lle adiantou a esta vicerreitoría o informe final sobre o plan de sustentabilidade presentado pola UDC para o trienio 2012-2014, que é positivo. Sen prexuízo deste informe favorable, fan constar o seguinte:

- Unha recomendación sobre a necesidade de buscar novas formas de financiamento que non dependan da Xunta de Galicia.
- Que o gasto corrente da UDC está fortemente condicionado polo comportamento do capítulo I, polo que aconsellan estudar e planificar medidas de aforro específicas en materia de persoal.
- Que no plan de 2013 haberá que establecer medidas adicionais en relación co gasto corrente que permitan eliminar esta situación estrutural de aforro bruto negativo. A falta destas medidas, e a conseguinte non consecución do obxectivo sinalado, orixinarían o rexeitamento desta actualización do plan de sustentabilidade.

Nunha reunión celebrada o 12 de decembro de 2013 chegouse a un principio de acordo para a Xunta financiar os complementos autonómicos e os sexenios de investigación, financiamento que se fará efectivo o ano seguinte. A UDC deu orde xa, en consecuencia, de abonar os anteriores complementos con cargo aos seus fondos propios de capítulo I.

A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación informa de que o 26 e 27 de novembro tivo lugar a reunión da CICUE, a sectorial de internacional da CRUE, onde se expuxeron as novidades do sector: convocatorias, novos proxectos de Fundacións, situación do programa Erasmus.

Respecto a esta última cuestión, a Comisión UE aprobou o programa “YES EUROPE” que reunirá os sete programas de mobilidade educativa e profesional europea existentes, cun orzamento de 18.000 millóns de euros para o período 2014-2020. A principal novidade é a posibilidade de obter préstamos para cursar mestrados no estranxeiro. O texto aprobado pola Comisión terá que se debater no Parlamento Europeo en 2013.

Rematou o proceso de selección e adxudicación do programa Exeo. Leonardo 2012, que oferta 50 bolsas formativas para a realización de prácticas no estranxeiro (Alemaña, Irlanda, Italia, República Checa,



Polonia). As persoas seleccionadas (resolución do 13/12), recentemente tituladas pola UDC, partirán en dous fluxos: xaneiro e abril de 2013.

Seguen a asinarse convenios tanto para intercambios, como específicos de mobilidade. Entre outros, facendo fincapé en certos países iberoamericanos (Brasil-Ecuador) e tamén asiáticos China e Corea.

Asinouse un novo convenio Erasmus Mundus para a UDC. O proxecto TEMPO estase a desenvolver por un consorcio de 21 universidades: 10 pertencentes á UE e 11 pertencentes a países de Europa do Leste. O obxectivo do programa é promover o intercambio de coñecemento transeuropeo entre as distintas institucións de educación superior da UE e as dos terceiros países incluídos nas distintas áreas de coñecemento relacionas con desenvolvemento sustentable. A UDC participa nas áreas de Química, Bioloxía, Enxeñaría Civil e Administración de Empresas, que son as que están a ofertar docencia en inglés, imprescindible para este programa. O proxecto contará cun orzamento de 3.508.975 euros e ofrecerá 212 bolsas de mobilidade a estudantes de grao, mestrado, doutoramento e posdoutorais. A contía das bolsas de estudo oscila entre os 1 000 euros/mes para os estudantes de grao e os 1800 euros/mes para os posdoutorais. Tamén se ofertan bolsas para PDI e PAS no marco do programa. Máis información na web de internacionalización que en breve terá novos contidos.

Publicouse a 2.^a convocatoria do Programa “Ciencias sin Fronteras” co CNPq de Brasil. A UDC para o ano académico 2013/2014 sube a oferta a 65 prazas para estudantes de grao. No curso 2012-2013 estamos a acoller 48 estudantes deste programa en titulacións de ciencias, enxeñaría e ciencias da saúde. Tanto a estadía como os gastos de matrícula son financiados totalmente polo goberno brasileiro.

O secretario xeral dá conta da publicación, no día de hoxe, do censo definitivo das eleccións aos órganos colexiados convocada por resolución reitoral do 19 de novembro. Houbo un total de 136 reclamacións ao censo provisorio, 52 delas da Facultade de Informática, destas foron resoltas favorablemente un total de 94 solicitudes (42 desestimadas) pola Comisión Electoral Central do 19 de decembro, onte mesmo. Á volta das vacacións do Nadal, continuaremos o proceso, coa apertura do prazo de presentación de candidaturas. A vindeira reunión da Comisión Electoral Central terá lugar o 25 de xaneiro.



O xerente informa, na súa quenda, sobre a proposta de revisión da RPT de PAS funcionario presentada os días 9 e 10 de outubro pasado á Xunta de Persoal e ao Comité de Empresa.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 31 de outubro

Tras a lectura da acta do pasado Consello de Goberno do 31 de outubro, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, a acta apróbbase por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo IV**, e que se clasifican do seguinte xeito: vinte (20) convenios marco, dez convenios específicos (10; hai un erro material, pois incluíuse erroneamente un contrato coa USC) e oitenta e un convenios para prácticas (81) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

O secretario aproveita para comunicar que en 2012 se tramitaron no Consello de Goberno un total de 777 convenios (36 marco, 123 específicos e 618 de prácticas). Con data 14 de decembro, tramitáranse xa 881 convenios.

Pedro Nogueira lamenta o número de puntos presentados no presente Consello de Goberno.

Nona Inés Vilariño solicita que os intervinientes dean o seu nome.

A listaxe apróbbase por asentimento.

4. Premios extraordinarios de grao e licenciatura

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón o cadro de propostas de Premios Extraordinarios de Diplomado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico, Licenciado, Arquitecto, Enxeñeiro e Graduado correspondentes ao curso académico 2011-2012:



Código	Estudo	Alumno/a	NIF
610212V01	Licenciatura en Bioloxía	Alba García Ulloa	<u>53308082Q</u>
610311V01	Licenciatura en Química	María Fernández Amado	53163193G
611111V01	Licenciatura en Economía	Adrián Gutiérrez Barrio	<u>47379649V</u>
611211V01	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	Simón Beceiro Cagiao Ana Fernández Rico	32691299L 09445934H
612001V01	Licenciatura en Dereito	Marta Estrada Novo Ana Fernández Rico Simón Beceiro Cagiao	47378744D 09445934H 32691299L
613211V01	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	Rocío Romero Otero	53306740P
613311V01	Licenciatura en Filoloxía Hispánica	Noelia López Souto	54126376Q
613411V01	Licenciatura en Filoloxía Galega	David Díaz Díaz	34637272P
614001V01	Diplomatura en Informática	Non hai proposta	
614111V01	Enxeñeiro en Informática	Iago Abal Rivas	<u>36164849V</u>
614211V01	Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión	Deserto	
614311V01	Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas	Deserto	
615011V01	Licenciatura en Socioloxía	Bruno Pacchiotti Dans	47368396B
615G01V01	Grao en Socioloxía	Laura Suárez Grimalt	47386673A
616011V01	Licenciatura en Comunicación Audiovisual	Non hai proposta do Centro	
620111V01	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Deserto	
620112V01	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Deserto	
620G01V01	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Miguel Cela López Sergio Rodríguez Teixeira	33555857F <u>76909071S</u>
630011V01	Arquitecto	Ángel Romo Sandoval Eduardo Anllo Seoane	39452256D 76581364N
631111V01	Diplomatura en Máquinas Navais	Francisco Uzategui García Francisco José Echevarría Rubiños	47371118L <u>34636968A</u>
631211V01	Diplomatura en Navegación Marítima	Ainoa Juan Sancho	20039339Z
631311V01	Licenciatura en Máquinas Navais	Ignacio Arias Fernández	32691618Q
631411V01	Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo	Deserto	
632011V01	Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos	Jesús Bueno Álvarez Adrián Crespo Sánchez	<u>33548148A</u> <u>71506969S</u>
632111V01	Enxeñeiro Técnico en Obras Públicas - Esp. en Construcións Cívicas	Tamara Ferreiro González	<u>47381728A</u>
650011V01	Diplomatura en Ciencias Empresariais	Non hai proposta do Centro	
651012V01	Diplomatura en Fisioterapia	Katia Pigueiras Durán	34883567L
<u>651G01V01</u>	Grao en Fisioterapia	María García López	44477556H
652111V01	Mestre, Especialidade en Educación Infantil	Deserto	
652211V01	Mestre, Especialidade en Educación Primaria	Deserto	
652311V01	Mestre, Especialidade en Educación Física	Deserto	
652411V01	Mestre, Especialidade en	Deserto	



	Audición e Linguaxe		
652711V01	Licenciatura en Psicopedagogía	Deserto	
652811V01	Diplomatura en Educación Social	Deserto	
652911V01	Diplomatura en Logopedia	Deserto	
653011V01	Diplomatura en Terapia Ocupacional	Deserto	
660112V01	Diplomatura en Relacións Laborais	Deserto	
<u>660G01V01</u>	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Pablo Pintor Mourazos Eva Mellid Sánchez Sara Beatriz Costela Viña	47377626H <u>47377563R</u> 32790910V
661011V01	Diplomatura en Enfermería	Non hai proposta do Centro	
<u>661G01V01</u>	Grao en Enfermería	Ana M. ^a Martínez Cagiao	32826894Y
662111V01	Diplomatura en Turismo	Vanesa Pena Barreiro	78803687Y
670001V01	Arquitecto Técnico en Execución de Obras	Deserto	
710112V01	Licenciatura en Humanidades	Alfonso López Friero	32656319E
710212V01	Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación	Deserto	
710311V01	Licenciatura en Documentación	Deserto	
730112V01	Enxeñeiro Naval e Oceánico	Alberto Sánchez González	75149365Q
730211V01	Enxeñeiro Industrial	Deserto	
750111V01	Diplomatura en Enfermería	Deserto	
750211V01	Diplomatura en Podoloxía	Deserto	
750G01V01	Grao en Enfermería	Mercedes Piñeiro Abeledo	32626446A
760112V01	Diplomatura en Relacións Laborais	Mónica Tamara López Díaz	<u>32706711K</u>
<u>760G01V01</u>	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Naiara Goicoechea Montero	32710547Q
662G01V01	Grao en Turismo	Marta Rey Rodríguez	45872936B
<u>653G01V01</u>	Grao en Terapia Ocupacional	Araceli Lorenzo Núñez	78735887X
770311V01	Enxeñaría Técnica Naval- Esp. en Estructuras Mariñas	Deserto	
770411V01	Enxeñaría Técnica Naval- Esp. En Propulsión e Servizos do Buque	Deserto	
<u>770511V01</u>	Enxeñeiro Técnico Industrial – Especialidade Electricidade	Sergio Castro Díaz	32676262R
<u>770611V01</u>	Enxeñeiro Técnico Industrial – Especialidade Electrónica Industrial	Esteban Jove Pérez	32684494E
770G01V01	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	Deserto	
<u>770G02V01</u>	Grao en Enxeñaría Eléctrica	Andrés Brañas Rodríguez	76412691K
<u>771011V01</u>	Enxeñeiro Técnico en Deseño Industrial	Rodrigo Germán Vázquez Iglesias	<u>33556929K</u>
771G01V01	Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto	Deserto	

Amelia Fraga toma a palabra para protestar pola defectuosa difusión da convocatoria no seu centro, Fac. de Ciencias da Educación, que levou a que quedaran desertas as titulacións do centro. Solicita que se informe ás asociacións de estudantes da convocatoria, para que poidan colaborar na



difusión das convocatorias. Tamén solicita que os profesores o divulguen nas aulas, e que se estude a posibilidade de sumar á convocatoria do próximo ano as que este quedaron desertas, a modo dunha convocatoria extraordinaria.

Ana Iglesias, decana desta Facultade, reconece que ao comezo só se fixo difusión na web do centro, e que está de acordo coa proposta da representante de estudantes.

O vicerreitor está de acordo en mellorar a difusión, e comprométese a estudar a posibilidade legal de facer a convocatoria extraordinaria, á luz do convenio que financia estes premios.

Horacio Naveira indica que os nomes das persoas premiadas nas titulacións de Química e Bioloxía están intercambiados, polo que logo de corrixir isto e mais o nome da premiada no Grao en Fisioterapia, a proposta apróbase por asentimento, segundo figura no **anexo V** da presente acta.

5. Aprobación de títulos propios de posgrao

O vicerreitor de títulos expón a listaxe de títulos propios de posgrao cuxa aprobación se propón (segundo a convocatoria do ano). Son 11 de renovación e catro novos posgraos. Previamente, pasaron pola Unidade de Estudos de Posgrao e pola Comisión de Posgrao da Universidade da Coruña:

1. Curso de especialización en *coaching*
2. Mestrado interuniversitario en xestión e planificación portuaria e intermodalidade
3. Mestrado en actividade física e saúde
4. Curso de formación específica de posgrao técnico de emprego: planificación e xestión de proxectos para a mellora da empregabilidade
5. Curso de formación específica de posgrao en responsabilidade social
6. Curso de formación específica de posgrao en protocolo, comunicación e imaxe corporativa
7. Curso de formación específica de posgrao en introdución e iniciación ao *coaching*
8. Curso de formación específica de posgrao en habilidades directivas e competencias profesionais
9. Curso de formación específica de posgrao en dirección e comunicación política



10. Curso de formación específica de posgrao en análise do xogo e especialización profesional de adestrador-analista no fútbol
11. Curso de especialización en xestión da calidade
12. Curso de especialización en promoción da actividade física saudable
13. Curso de especialización en prescrición de exercicio físico en patoloxías
14. Curso de especialización en dirección de centros deportivos
15. Curso de especialización en coidados paliativos

Apróbase por asentimento segundo figuran no **anexo VI**.

6. Renovación dos membros da Comisión de Publicacións

A vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura propón a renovación da Comisión de Publicacións cos seguintes candidatos:

Polo ámbito de Ciencias: Ángeles Cid Blanco
Polo ámbito Xurídico Social: Rafael Colina Garea
Polo ámbito de Ciencias da Saúde: Carlos Agrasar Cruz
Polo ámbito Tecnolóxico: Enrique Blanco Lorenzo
Polo ámbito de Humanidades: Viviana Fernández Marcial

Polo sector do estudantado: Ramón Santiago Paz Lamela (estudiante de terceiro ciclo de Dereito Internacional Privado)

Polos consellos editoriais de revistas e series editadas na UDC:
Carlos Paulo Martínez Pereiro
Araceli Serantes Pazos

A proposta apróbase por asentimento. A vicerreitora aproveita a ocasión para agradecer aos membros saíntes o seu traballo (Carmen Fernández, Rosa Meijide e José Ramón Soraluca Blond).

7. Regulamento de mobilidade internacional

A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación toma a palabra para explicar os principais cambios propostos neste regulamento, así como as súas finalidades (adaptación ao EEES, estudantes en prácticas, estudantes visitantes, incorporación do coñecemento de idiomas como requisito, simplificación do sistema de asignación de prazas nos convenios de mobilidade). Conta co informe favorable e unánime da Comisión de



Relacións Internacionais. A vicerreitora agradece o traballo e o esforzo dos coordinadores de relacións internacionais dos distintos centros.

O profesor Casteleiro reconece o esforzo realizado e o grao de participación acadado na súa elaboración. Mais comenta que o artigo 4.1.e) é un pouco irreal na actual situación económica. Art. 4.2: a palabra “traducir” é incorrecta, suxire utilizar o termo “transcribir”. En terceiro lugar, refírese ao artigo 7.2, alíneas a) e b). Di que supón un escaso aproveitamento das prazas Erasmus, e solicita que se engada un parágrafo que permita flexibilizar estes requisitos na Comisión de Relacións Internacionais, por proposta de cada centro.

Amelia Fraga intervén para sinalar unha errata na páxina 12.

Fernando Agrasar súmase á proposta do profesor Casteleiro. E comenta a redacción do punto 4 (responsables de RRII no centro), que se encomenda a un membro do equipo de dirección. Considera que é unha función que require moito esforzo e cargaríase excesivamente de traballo o equipo de dirección.

Pedro Nogueira pide aclarar máis a que prácticas se refire o regulamento. Súmase á opinión de Fernando Agrasar e solicita que se abra a posibilidade de que as funcións de coordinación non sexan asumidas por un membro do equipo de dirección do centro, no marco fornecido pola transitoria cuarta.

Pedro Gil observa unha ausencia na actual versión do artigo 9, e pide que se explique. Solicita que se aclare se vai haber un membro a maiores ou se o actual equipo deberá facerse cargo destas funcións.

Marisa Sánchez Simón pregunta sobre a toma de datos de mobilidade: inclúe a variable de xénero.

A vicerreitora agradece os comentarios. Respecto das cuestións de fondo, a vicerreitora considera que é máis acaído vincular a estratexia de mobilidade e relacións internacionais cos equipos directivos, dado que é unha orientación estratéxica. Non se especifica máis a fórmula de integración ou organización, para que haxa flexibilidade. Os coordinadores de RRII están de acordo con esta formulación. Respecto das prácticas, están vinculadas ás prácticas que se ofertan nas distintas convocatorias, e que non convén pechar. A variable de xénero non está recollida, se ben a valorará.

Respecto do artigo 7, consideraron mellor facer unhas regras uniformes.



Nona Inés Vilariño apoia o profesor Casteleiro.

Xurxo Dopico felicita a vicerreitora polo regulamento, que concreta a aposta do equipo de goberno pola internacionalización e a mobilidade.

Teresa López intervén a respecto da estratexia de internalización e a súa relación cos centros. Considera que as mobilidades, en especial o Erasmus, son unha competencia dos equipos de centro, e por iso debe ser un aspecto atendido por estes, coas fórmulas que en cada caso se estimen acaídas. Tamén expresa a súa opinión sobre os requisitos para poder acceder a unha mobilidade (art. 7). Di que o rendemento académico debe valorarse co expediente, e o criterio de estar matriculado nun curso superior a primeiro parece homoxéneo e razoable. Propón elevar máis aló do 5% a valoración dos aspectos de oportunidade académica que propoñan os centros.

Apróbase o regulamento, segundo figura no **anexo VII**, condicionado á reunión de urxencia da Comisión de Relacións Internacionais para que se someta á súa consideración a seguinte emenda do profesor Casteleiro verbo do artigo 7: *“Se algún centro considera que deben establecerse requisitos adicionais aos mencionados neste apartado, deberá contar para a súa aplicación coa aprobación da Comisión de Relacións Internacionais da Universidade”*.

8. Memoria de responsabilidade social universitaria 2011

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social expón os principais puntos da memoria presentada.

Trátase dun documento promovido polo Consello Social e polo Equipo de Goberno, cuxo compromiso coa responsabilidade social se fai patente coa creación da Vicerreitoría de Responsabilidade Social.

Unha universidade pública e socialmente comprometida ademais das súas funcións de docencia, investigación e transferencia de resultados ten a responsabilidade de render contas da xestión eficiente dos seus recursos, de escoitar a sociedade, de se comprometer cos sectores máis desfavorecidos e de cooperar con outros axentes sociais.

A UDC non pode obviar esta realidade e por iso quere afondar no desenvolvemento dun modelo de responsabilidade social que lle permita



seguir avanzando na súa política de transparencia, xestión participativa, valores éticos e compromiso social e ambiental.

Esta memoria quere visibilizar ese exercicio de transparencia que mostre non só algúns aspectos e resultados da nosa xestión senón que reflecta os nosos compromisos e actuacións nos ámbitos social, medioambiental e económicos así como o esforzo de achegamento e atención aos nosos grupos de interese.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo VIII**.

9. Informe sobre o diagnóstico de igualdade de xénero da UDC

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social expón o diagnóstico, elaborado pola Oficina de Igualdade de Xénero (OIX).

Desde a vicerreitoría responsable da OIX e segundo aparece recollido no noso programa electoral tiñamos o compromiso de realizar o Diagnóstico de Igualdade. Distintos regulamentos e leis de carácter nacional e autonómico recollen a obrigatoriedade por parte das administracións públicas de contar con plans de igualdade como ferramenta fundamental para a consecución do obxectivo de igualdade.

Como calquera estratexia de organización, un plan de igualdade de oportunidades debe deseñarse de acordo coas características e a situación de partida da institución.

É imprescindible basear o deseño dos obxectivos e das accións nunha tarefa de diagnóstico para detectar os problemas e definir as prioridades de actuación.

O obxectivo da realización do Diagnóstico de Igualdade foi obter unha detallada radiografía da situación actual nos distintos ámbitos da vida universitaria nos campus da Coruña e de Ferrol.

O texto contén a información necesaria sobre a situación actual para deseguido, poder elaborar o plan de igualdade sobre unha base realista e precisa.

A vicerreitora agradece o traballo realizado pola directora da Oficina para a Igualdade de Xénero, así como a inestimable axuda prestada, para realizar



este documento, polo persoal de administración e servizos adscrito á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

Na quenda de intervencións, a profesora Ana Iglesias dálle os parabéns ao equipo de goberno pola súa sensibilidade e compromiso coa igualdade de xénero, especialmente nesta época en que a preocupación pola economía parece velar todo o resto de valores sociais.

Por último, a vicerreitora aproveita para lembrar que o diagnóstico recolle os datos de xénero no programa Erasmus.

Apróbase por asentimento, segundo figura no **anexo IX**.

10. Protocolo de actuación en caso de violencia física e psicolóxica no traballo

O xerente explica o sentido deste protocolo, cuxa redacción se inicia en 2008 no seo do Servizo de Prevención Propio (SPP) con base en tres premisas:

- a) A necesidade de actuación do persoal dos Servizos de Prevención en materia psicosocial, debido á existencia de varias solicitudes, ben por instancia da parte afectada ou ben por demanda dos seus compañeiros, sen unha regulamentación específica no ámbito da UDC.
- b) As solicitudes de dous delegados de prevención, recollidas nas actas das sesións plenarias do Comité de Seguranza e Saúde (CSS-UDC) realizadas o 28/04/2008 e o 16/12/2008, sobre a elaboración do protocolo.
- c) Os requirimentos das avaliacións de riscos psicosociais, realizadas na UDC polo Departamento de Psicosocioloxía Laboral da Sociedade de Prevención de Fremap, que puxeron de manifesto, en repetidas ocasións, a necesidade de regular esta materia por medio dun protocolo.

Sentada e asumida esta necesidade, elabóranse os correspondentes borradores e sométense a debate no seo do CSS-UDC, nos plenarios do 02/02/2011, 28/05/2012 e 12/12/2012, sesión esta última en que se informa favorablemente o documento que se presenta á aprobación deste Consello de Goberno.



Para a redacción deste protocolo de actuación por violencia física e psicolóxica no traballo, o SPP baseouse na súa propia experiencia e na de 10 universidades españolas con protocolos xa aprobados. Así mesmo, contrastou os seus criterios técnicos cos aplicados por outras administracións españolas e europeas, que se relacionan a continuación:

- Acordo marco europeo sobre acoso e violencia no traballo, da Comisión das Comunidades Europeas.
- Criterio técnico 69/2009 sobre actuacións da Inspección de Traballo e Seguranza Social na materia de acoso e violencia no traballo.
- Protocolo de actuación fronte ao acoso laboral na Administración xeral do Estado.

Con esta regulamentación preténdese establecer un sistema de garantías do que se pode beneficiar calquera membro dos colectivos de persoal da UDC, ou inclusive persoal doutras empresas con actividade laboral en centros da Universidade.

Establécese a creación dunha comisión paritaria (CIMAC) para a análise e resolución das solicitudes, asume o compromiso de axilidade temporal e sixilo nas súas actuacións.

Conta esta comisión coa asesoría técnica do Servizo de Prevención de Riscos Laborais e coa asesoría legal da Asesoría Xurídica da UDC.

Establécese, así mesmo, a posibilidade de participación dunha persoa ou grupo de persoas de mediación, con autonomía para a realización do seu labor.

Remátanse as actuacións co seguimento das medidas correctoras implantadas.

Na quenda de intervencións, Pedro Nogueira indica que no artigo 3 (normativa aplicable) hai moitas referencias. Hai necesidade de termos un regulamento específico? Sinala algunhas frases que merecerían, ao seu xuízo, outra redacción. A definición do artigo 4 do acoso parécelle moi problemática, pois pode dar lugar ao bloqueo da institución. Tamén comenta o artigo 5. Solicita que a mesma dilixencia nestes asuntos se aplique tamén no outro aspecto, o do cumprimento dos deberes.



Fernando Agrasar pregunta que foi do psicólogo do SAPE, un tema esencial para poder responder axeitadamente nestas cuestións.

O profesor Fernández Cervantes considera lóxico regular estas cuestións, pero reclama prudencia para aplicar este tipo de normativa, porque supón moitos riscos.

Pedro Nogueira vota en contra pola redacción actual, e porque pode xerar máis problemas que solucións. O profesor Fernández Cervantes tamén expresa a súa abstención neste punto.

Apróbase por asentimento do resto de membros do Consello de Goberno, segundo figura no **anexo X**.

11. Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da UDC

O vicerreitor de Investigación e Transferencia explica a necesidade de crear a nosa Escola Internacional de Doutoramento para executar as previsións do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, regulador dos estudos de doutoramento en España.

Seguidamente, fai un breve resumo sobre o regulamento que foi elaborado polo director da Escola Internacional de Doutoramento, coa colaboración das Vicerreitorías de Investigación e Transferencia, Relacións Internacionais e Cooperación, Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías e Estudantes, Deportes e Cultura, así como da Secretaría Xeral. Tamén agradece as contribucións feitas pola actual Comisión de Doutoramento e, de xeito especial, polo seu secretario. Por último fai unha breve descrición das previsións temporais para a posta en marcha da Escola Internacional de Doutoramento.

Manuel Casteleiro considera que o regulamento está ben traballado. Se ben opina que hai temas que teñen unha regulación excesivamente prolixa, como as competencias do Comité de Dirección (alíneas h) e i), que inciden en cada programa de doutoramento.

Marisa Sánchez Simón sinala que na xunta de PDI se debateu o borrador deste regulamento. Opina que o funcionamento da escola de doutoramento escapa da supervisión dos órganos colexiados. Art. 2. Requisitos adicionais para dirixir teses de doutoramento. Pode dar lugar á falta de transparencia. Igual que cos criterios de calidade dos programas de doutoramento.



Xabier de Salvador considera que a creación debería terse individualizado na orde do día. Opina, como Marisa, que nun regulamento de réxime interno non se poden abrir cuestións de fondo novas, como introducir novos criterios académicos para dirixir ou codirixir teses de doutoramento. Pregunta por que se denomina “internacional”. Non está de acordo, parécelle innecesario. Entrada en vigor: di que non é posible que entre en vigor ao día seguinte. Chámalle a atención a composición do comité de dirección, pois non está representado o profesorado, e a participación de entidades colaboradoras nun 10% no comité de dirección.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia di que o propio Real decreto indica que se poderán introducir novos requisitos (art. 12). Con respecto ao da internacionalización, o sentido é que defina o enfoque estratéxico dos estudos de doutoramento na nosa universidade, como parte dunha tendencia xeral.

Xabier de Salvador insiste no risco de incorporar patrocinadores privados ao Comité de Dirección, e de que non haxa representación de profesorado neste Comité.

O reitor defende a participación de entidades colaboradoras no Comité de Dirección, fundamentalmente na área sanitaria. Respecto da participación dos profesores, lembra que o reitor se limita a nomear os coordinadores dos programas de doutoramento propostos polas distintas áreas académicas, e indica que así se fará constar na acta.

Marisa insiste en que este regulamento non intenta solucionar as carencias de representación que se conteñen na normativa estatal.

Tras o anterior debate, o regulamento apróbbase por asentimento do Consello de Goberno segundo figura no **anexo XI**.

12. Liquidación do orzamento do exercicio 2011

O xerente expón as principais magnitudes e aspectos relevantes da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2011.

Na quenda de intervencións, toma a palabra José Benegas, representante do Consello Social. Di que están revisando o informe de auditoría. Di que ten demasiadas limitacións e excepcións. As contas non están moi actualizadas, non hai unha contabilidade financeira, e que as excepcións son doadamente



corrixibles, tendo en conta que se van presentar ao Consello Social. Recomenda que se atenda máis aos requirimentos dos auditores. Bota en falta unha memoria orzamentaria.

O profesor Luis Castedo pide unha valoración sobre a variación dos créditos iniciais e o vixente. Contraste de saldos positivos e negativos entre os exercicios de 2010 e 2011 e pide unha proxección de execución do orzamento 2012.

O profesor Anxo Calvo valora positivamente o resultado orzamentario que expresa a liquidación do orzamento de 2011. Hai unha mellor evolución das magnitudes básicas do orzamento. Comenta a desigual execución do gasto entre capítulos. A taxa de execución do capítulo VI é mellorable. Sobre o estado do remanente de tesouraría non afectado, comenta a prudencia con que se xestiona este remanente na situación en que estamos a vivir.

Fernando Vázquez pregunta canto representa o IBI na liquidación do orzamento, porque lle parece un despropósito aplicarlle á Universidade este imposto e non llo aplicar á Igrexa Católica.

Xosé Portela vota en contra da liquidación por coherencia, pois votou en contra do orzamento de 2011 por non recoller un maior compromiso co persoal laboral do PAS. Di que a liquidación non recolle evidencias sobre o gasto liquidado en materia de persoal.

O xerente dá réplica ás anteriores intervencións. Estase a traballar para render unha conta financeira e analítica. Temos moi avanzada a migración informática para poder aplicala á liquidación do ano 2012. A auditoría fíxose con présa, e deuse toda a información, con independencia da valoración que se faga desa información. Tamén dá explicacións sobre a cobranza do IBI neste último ano 2012 por vía de constrinximento, por un importe de 98 000 €

Apróbase a liquidación do exercicio 2011, por asentimento dos presentes, co voto en contra de Xosé Portela e a abstención de Nona Inés Vilariño, segundo figura no **anexo XII**.



13. Aprobación do límite máximo de gasto anual para 2013 (art. 81.2.a) LOU)

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas expón que no Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, se modifica o artigo 81 da LOU para asegurar o cumprimento da Lei de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

A lei obriga a aprobar un límite máximo de gasto de carácter anual que non se poderá superar, e a que os orzamentos e as súas liquidacións fagan unha referencia expresa ao cumprimento do equilibrio e sustentabilidade financeiros.

Para dar cumprimento á primeira das obrigas, temos que aprobar un límite máximo de gasto para o exercicio 2013.

Ante a falta de regulamentación neste sentido, propoñemos a cantidade de 138 millóns de euros que resulta de facer a media dos tres últimos orzamentos liquidados.

Apróbase por asentimento dos presentes.

14. Aprobación dos orzamentos e plan operativo anual do exercicio 2013

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas fai unha exposición dos aspectos máis salientables dos documento sometidos ao Consello de Goberno, que foi anticipado xa no Claustro Universitario que tivo lugar o día 13 de decembro.

Comeza indicando que, para cumprir a segunda das obrigas adquiridas pola modificación da LOU a que nos referiamos no punto anterior, hai que modificar o primeiro parágrafo do anteproxecto de orzamentos que pasaría a dicir *“O orzamento para o exercicio 2013 da Universidade da Coruña desenvolve as Liñas xerais da programación plurianual 2011-2013, é equilibrado e dá cumprimento á senda de mellora do resultado orzamentario trazada no Plan de sustentabilidade presentado ante a Xunta de Galicia como obriga adquirida coa sinatura do Plan de financiamento do SUG 2011-2015. Acompáñase do Plan operativo anual 2013. O presente documento contén os seguintes apartados:”*



Dito isto, pasa a presentar brevemente o documento xa enviado aos membros do Consello de Goberno.

Tras a súa exposición, ábrese unha quenda de intervencións.

Pedro Gil Manso solicita que se teña en conta, á hora de facer recortes, o cambio de titulacións. Nas do seu centro, as titulacións pasaron de tres a catro anos coa implantación dos graos.

Xosé Portela comenta a evolución das magnitudes destinadas a gasto en persoal laboral fixo do PAS. Comenta o persoal eventual. Comenta o crédito de acción social, considera intocable a acción social. Considera un orzamento irreal, que permite a discrecionalidade do equipo de goberno. Anuncia a súa oposición a estes orzamentos.

Anxo Calvo fai unhas reflexións xerais sobre a sostibilidade dos orzamentos. Non hai moita máis capacidade para facer outros orzamentos, se queremos facelos sustentables nos termos da programación plurianual. Sinala a senda de mellora do equilibrio entre ingreso e gasto corrente. Mais tamén considera que o sinalado pola Xunta (que hai que axustar o gasto ao ingreso corrente) é unha trampa saducea, porque no actual contexto non se esperan grandes investimentos privados na investigación. Tamén opina que os nosos aforros netos teñen que nos financiar a nós, non financiar a propia Xunta. Nós estámonos comportando con total lealdade institucional, que se cadra non é compartida por outros.

Luis Castedo comenta a redución neta do 3% no orzamento, pero esta redución non é homoxénea. Pregunta se a redución do capítulo IV é sobre o previsto para 2013 ou sobre o do ano pasado. Fai a continuación unha valoración xeral do orzamento, en especial o gran gasto de persoal e do capítulo II. Considera que é excesivo, e elimina a marxe de manobra para facer outro tipo de gastos. Situación dramática. Está de acordo en que non hai moita marxe para facer outra política orzamentaria, aínda que se lancen discursos de que hai que captar financiamento. Se nos seguen recortando en diñeiro, hai que recortar en obxectivos. Dito o anterior, tamén considera que os problemas da universidade non só son orzamentarios: non hai instrumentos para xestionar ben os diñeiros que recibimos. Reclama un cambio na xustificación e xestión dos fondos de investigación. Hai que facer pedagogía social. Hai que buscar financiamento condicionado, por obxectivos.



Nuria Vieira manifesta que os orzamentos lle parecen excesivamente baixos para o PAS funcionario, e pide aclaracións sobre a paga extra e sobre a acción social.

Nona Inés Vilariño intervén en dúas cuestións de detalle. Que significa o apartado de “*Navantia mobilidade Adelaida*”? Onde pode encontrar o financiamento da Residencia de Ferrol? Anuncia a súa abstención por necesitar escoitar a opinión dos seus compañeiros do Consello Social.

A vicerreitora dá a súa réplica ás anteriores intervencións. En especial, destaca que non hai redución de paga extra ningunha do PAS para 2013 e que a redución do crédito para acción social non lle gusta, mais non hai outro remedio se queremos conservar os gastos de nóminas sen tocar.

Coa oposición de Xosé Portela e a abstención de Nona Inés Vilariño, apróbanse por asentimento o proxecto de orzamentos e o plan operativo anual para o exercicio 2013 segundo figuran nos **anexos XIII e XIV**.

O reitor e a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas abandonan neste punto a sesión, para dar unha rolda de prensa. Asume a Presidencia do Consello de Goberno o vicerreitor de Investigación e Transferencia.

15. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente propón a aprobación de catro prazas de axudante doutor (áreas de Construcións Navais, Ecoloxía e Filoloxía Galega e Portuguesa) e dúas de colaborador (Área funcional de Podoloxía e Fisioterapia), para atender as necesidades docentes e investigadoras da Universidade. Foron informadas favorablemente pola COAP e a mesa sindical de PDI.

Pedro Gil intervén para manifestar que a praza de colaborador é insuficiente. O vicerreitor lamenta non poder autorizar máis prazas por cuestións orzamentarias.

Xabier de Salvador pregunta sobre a praza de Relixión, informada no punto de Informe do reitor, porqué ten que traerse aquí. O vicerreitor aclara que esa praza tróuxose para informar por ser por vía de urxencia (asociado P4).

Apróbanse as prazas de PDI contratado, por asentimento, segundo figuran no **anexo XV**



16. Proposta de cambios de departamento e área de coñecemento

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente explica os cambios de área solicitados, dos profesores Emilio Mosquera Rey (pasa da Área de Construcións Arquitectónicas á de Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estruturas, Departamento de Tecnoloxía da Construción), Adriana Ávila Álvarez (pasa da Área de Fisioterapia á de Enfermaría, no Departamento de Ciencias da Saúde) e Inés Viana Moldes (pasa da Área de Fisioterapia á de Enfermaría, no Departamento de Ciencias da Saúde).

Apróbanse por asentimento segundo figuran no **anexo XVI**.

17. Proposta de venias docentes

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a concesión de venias docentes para os profesores e profesoras dos centros adscritos de relacións laborais e turismo que figuran no **anexo XVII**.

Hai unha persoa que non pasou pola COAP, Marcos Jesús Domínguez Arias, pero ten informe positivo do Departamento de Ciencias da Saúde, polo que se solicita a concesión de venia docente.

Denégase a venia docente para Elena Ramallo, por ter informe negativo do Departamento de Dereito Privado.

Apróbanse por asentimento dos membros do Consello de Goberno.

18. Proposta de nomeamento e prórroga do nomeamento de profesores honorarios

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a prórroga (terceira) do profesor honorario Francisco Blanco Filgueira (Área de Matemática Aplicada), até o 30 de setembro de 2014.

Tamén solicita o nomeamento como honorario do profesor José Fernández Salas, da Área de Construcións Arquitectónicas, até o 30 de setembro de 2014. O profesor Pedro Nogueira fai constar que a proposta veu do departamento, e non foi informada nin impulsada polo centro.



Manuel Graña apunta algo similar respecto da proposta do profesor Francisco Blanco.

Apróbase a proposta por asentimento, segundo figura no **anexo XVIII**.

19. Licenzas

Propónse a concesión dunha licenza de 12 meses (do 1 de xaneiro de 2013 ao 31 de decembro do 2013) ao profesor Jesús López Rodríguez (Área de Fundamentos da Análise Económica), para realizar unha estadía de investigación no Institute for Prospective Technological Studies (IPTs) da European Commission's Joint Research Centre (JRC), que pese a tan lustroso nome está en Sevilla (España).

Apróbase, por asentimento, a proposta que figura como **anexo XIX**.

20. Resolución incidente de recusación

Neste punto, o vicerreitor cédelle a palabra ao secretario xeral, que expón a natureza e sentido desta proposta de resolución.

O profesor Méndez Salgueiro está sendo obxecto nestes momentos dun segundo proceso disciplinario pola presunta comisión dunha falta moi grave das previstas no Estatuto Básico do Empregado Público.

Con independencia do fondo do asunto, o 30 de outubro de 2012, o inculpado presentou escrito de recusación do reitor e do instrutor do expediente, profesor Xulio Ferreiro Baamonde. A recusación fundaméntase na concorrencia das causas de abstención establecidas nos apartados a) (interese persoal e cuestión litixiosa pendente) e c) (inimizade manifesta) do artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante LRXPAC).

Dado que o reitor non pode resolver sobre a súa propia recusación, por non ter superior xerárquico, é competente por analogía o Consello de Goberno, a quen se lle somete a proposta de desestimar a recusación, ao non existir ningún indicio obxectivo da concorrencia das causas de abstención que se invocan.

O profesor Pedro Nogueira solicita aclaración sobre a competencia do Consello de Goberno. Di que non se trasladou o escrito de recusación do



profesor Méndez Salgueiro. Sentenzas favorables ao acusado. Pide que non se continúe co expediente disciplinario. Pide votación secreta.

Luis Castedo botou en falta os escritos de recusación, e coincide coa opinión do profesor Nogueira.

Tras facerse votación secreta, desestímase a recusación do reitor por 26 votos a favor, 2 en contra e 3 votos brancos.

O dito acordo de desestimación figura como **anexo XX** da presente acta.

21. Modificación do Regulamento de réxime interior da Escola Politécnica Superior (EPS)

O secretario xeral explica que se trata dunha modificación impulsada desde a EPS, de conformidade coa autonomía autoorganizativa que, dentro das marxes legais e estatutarias fixadas, poden desenvolver os centros e departamentos. O anterior regulamento fora aprobado o 22 de marzo de 2006. As modificacións adaptan este último regulamento ás modificacións realizadas en 2007 nos Estatutos da UDC no referente á representación dos distintos colectivos que fan parte dos órganos colexiados do centro. Tamén se revisaron as comisións docentes e as que se encargan dos distintos proxectos e traballos de fin de grao e mestrado, para unha correcta implantación dos novos títulos adaptados ao EEES. Tamén se incorporaron as comisións de calidade e de relacións internacionais.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo XXI**.

22. Quenda aberta de intervencións

O reitor abre a quenda de intervencións.

Teresa López transmite un rogo sobre a habilitación do rexistro auxiliar para obter os certificados dixitais. O vicerreitor explica que xa está habilitado e que se vai ampliar o prazo para obter os certificados dixitais.

Sergio Santos pregúntalle ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías sobre as funcións dos coordinadores de mestrados. O vicerreitor contesta que se está a traballar para identificar as funcións académicas e investigadoras dos coordinadores dos mestrados, non administrativas.



Fernando Agrasar transmite, no nome da súa Xunta de Escola a proposta de reclamar a retirada do doutoramento honoris causa a José Luis Méndez López.

Xosé Portela solicítalle ao xerente o máximo talante negociador na elaboración da RPT. Apoia reclamarlle ao Concello a devolución do IBI indebidamente cobrado. Seica se lle van descontar aos funcionarios un 7% dos seus haberes, o que o reafirma na súa posición de dar unha resposta institucional a esta nova agresión.

Anxo Calvo agradece a súa presenza aos representantes do Consello Social.

Amelia Fraga pide que se corten os eucaliptos da Zapateira e de seguido, en nome dunha estudante de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol, quéixase da falta de buses para ir á clínica podolóxica e de que non hai aparcamento nin comunicación do campus de Esteiro coa Coruña. Sinala tamén que fai falta máis profesorado en Podoloxía. Súmase ás intervencións anteriores sobre o IBI e a retirada do doutoramento honoris causa a José Luis Méndez. Para finalizar dá conta das ameazas recibidas por uns estudantes de parte de dous profesores o día da folga do 14 N.

Nuria Vieira súmase á reclamación do IBI ao Concello. Pide máis aclaracións sobre as cuestións que formulou sobre o orzamento. Demanda tamén o talante negociador do xerente.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión, desexando unhas boas festas a todos os asistentes.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15:25 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito